



ACTIVIDADE DE TRATAMENTO: “VIDEOVIXILANCIA”

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	Persoa encargada da dirección do IES Urbano Lugo
FINALIDADE DO TRATAMENTO	Obtención de imaxes de persoas e vehículos, de ser o caso, que acceden e están nas dependencias do IES Urbano Lugo sempre co fin de preservar a seguridades dos equipamentos, instalacións e persoas.
LEXITIMACIÓN	<p>RGPD. Art. 6.1.e): Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercizo de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.</p> <p>Art.22 LOPDGDD. Tratamentos con fins de videovixilancia.</p> <p>Instrución 1/2006, do 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos, sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras.</p>
DESTINATARIOS DE CESIÓNS OU TRANSFERENCIAS	<p>IES Urbano Lugo, exclusivamente.</p> <p>Sempre e cando non se atente contra a integridade dos bens, equipamentos, instalación e persoas. Neste caso seguirase os procedementos correspondentes á magnitude dos feitos e estipulados segundo a lexislación vixente.</p> <p>Non se realizan transferencias de datos de carácter internacional.</p>
DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS	Teñen dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
PROCEDENCIA DOS DATOS	Gravación de imaxes por cámaras de seguridade.



ACTIVIDADE DE TRATAMENTO: “VIDEOVIXILANCIA”

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Identidade: Persoa encargada da dirección do IES Urbano Lugrís

Dirección postal: Avenida de Arteixo nº 128. 15007 A Coruña

Correo electrónico: ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal

Delegado ou delegada de Protección de Datos: Persoa encargada da dirección do IES Urbano Lugrís

Contacto co delegado ou delegada: ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal

Con que finalidade trátanse os seus datos persoais?

As imaxes obtidas polas cámaras de observación/gravación de persoas e vehículos que accedan ás dependencias do centro educativo trataranse con fins de preservación da integridade, de seguridade e de vixilancia de persoas, equipamentos e instalacións.

Prazos ou criterios de conservación dos datos

As imaxes serán conservadas durante un mes desde a súa captación, agás se deben ser conservadas para actuacións fronte a infraccións, a requirimento das forzas e corpos de seguridade do estado ou xuíces e/ou fiscais.

Decisións automatizadas, perfís e lóxica aplicada

Os datos non se empregaran para decisións automatizadas nin para a elaboración de perfís.

Base legal para o tratamento dos seus datos

A base legal para o tratamento dos datos ven fundamentada no Artigo 22 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: “As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, poderán levar a cabo o tratamento de imaxes a través de sistemas de cámaras ou videocámaras coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e dos bens, así como das súas instalacións.”



Instrución 1/2006, do 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos, sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras.

A que destinatarios se comunicarán os datos?

No caso de infraccións contra a integridade de persoas, bens, equipamentos e instalacións os datos poden ser comunicados aos corpos e forzas de seguridade do Estado ou a órganos xudiciais e/ou fiscais.

Encargados do tratamento:

Poden ter acceso aos datos como encargados do tratamento o equipo directivo do IES Urbano Lugrís.

Que dereitos pode exercer respecto ao tratamento dos datos?

Tense dereito a:

- Solicitar o acceso aos seus datos persoais que se tratan.
- Solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Solicitar á limitación do seu tratamento.
- Opoñerse ao seu tratamento.

Sempre e cando non signifique a alteración sobre os fins do sistema de videovixilancia e non exista infracción de integridade e seguridade sobre persoas, bens, equipamentos e instalacións.

Os dereitos poden exercerse ante persoa responsable do tratamento de protección de datos mediante unha instancia remitida por correo electrónico onde se especifique debidamente a identidade da persoa solicitante, a petición que se formula e os motivos, os dereitos que se exercitan, os datos para a notificación da resolución, a vía para recibir a información e, de ser o caso, calquera outra documentación complementaria a dita solicitude.

A solicitude deberase acompañar dunha copia de DNI da persoa solicitante e/ou das persoas sobre as que se exercitan os dereitos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES URBANO LUGRÍS

Av. Arteixo, 128 A Coruña 15007
Tel.: 881 960 715 ies.urbano.lugris@edu.xunta.es

Como se obteñen os datos?

Os datos obxecto de tratamento son gravados polas cámaras situadas no recinto do IES Urbano Lugrís (instalacións exteriores, interiores, aulas...) agás naquelas estancias estritamente prohibidas pola lexislación vixente.